



## Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Admisión a ciclos formativos de formación profesional 2019-2020

# Información importante. Réxime ordinario

### 1. Presentación da solicitude

Deberá cubrirse unha única solicitude para cada modalidade e grao utilizando o asistente informático que estará dispoñible en [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp). A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación e da necesidade de entregar o impreso obtido, xunto coa documentación, en calquera centro de Galicia con oferta de FP sostida con fondos públicos. **A solicitude non terá validez se non está selada, datada e validada polo centro**, agás no caso de que a aplicación indique que a solicitude está validada e que non é preciso entregala nun centro.

No caso de se detectar erros na instancia validada, e durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión que en cada caso substituirán á última validada.

**Os datos das solicitudes admitidas e excluídas publícanse nas listaxes de solicitudes provisional e definitiva, non son listaxes de prazos adxudicadas.**

### 2. Adxudicación de praza

As prazos adxudicadas publícanse nas listaxes de adxudicación. As persoas con praza adxudicada poden:

- **Matricularse:** deberase facer **no centro adxudicado e nos prazos establecidos**. Tamén estará dispoñible a reserva de matrícula a través da aplicación informática. Quedará en lista de espera dos módulos do ciclo no que se matricule e que non foran adxudicados. Estar matriculado en calquera ensinanza, incluída a FCT, implica a renuncia a participar no proceso de admisión a ciclos formativos.
- **Renunciar á praza:** deberase facer, nos prazos establecidos, en calquera centro público de Galicia con oferta de FP ou a distancia a través da aplicación informática. A renuncia afectará á praza que lle foi adxudicada e a todos os ciclos sinalados en lugares posteriores na solicitude. Seguirase no proceso de adxudicación para os ciclos anteriores á praza que se renuncia.

- **Non matricularse nin renunciar:** as persoas que non se matriculen nin renuncien a prazos adxudicadas do réxime ordinario **quedarán excluídas do proceso de admisión** para este réxime e só se poderán matricular en prazos que queden vacantes ou liberadas.

### 3. Distribución de prazos por módulo

Distribución das prazos dispoñibles para cada módulo por ciclo e centro para grao medio e para grao superior ao comezo do proceso de admisión:

Cota xeral 90%
Cota do 10 % para persoas con discapacidade
Cota do 5 % a maiores para deportistas de alto rendemento

En cada cota haberá tres grupos segundo o tipo de requisitos de acceso. En cada grupo as solicitudes ordénanse segundo as prelacións establecidas na normativa.

- No caso de **grao medio:**

Grupo A ESO e equivalentes	Grupo B FP básica e PCPI*	Grupo C Proba de acceso e outros
Ata o 70%	Ata o 20%	Ata o 10%

\*Acceso por superación dos módulos obrigatorios de PCPI do curso 2011-2012 e seguintes.

- No caso de **grao superior:**

Grupo A BACH e equivalentes	Grupo B Título de técnico	Grupo C Proba de acceso e outros
Ata o 70%	Ata o 20%	Ata o 10%

**Estar matriculado en calquera ensinanza, incluída a FCT, implica a renuncia a participar no proceso de admisión en ciclos formativos**

Período ordinario de admisión	Período extraordinario de admisión		
		Grao Medio	Grao superior
Presentación de solicitudes	24 de xuño ao 2 de xullo ás 13:00 horas	1ª adxudicación*	3 de setembro
Listaxe provisional de solicitudes	5 de xullo	Matriculación 1ª adxudicación	3 ao 6 de setembro ás 13:00 horas
Reclamación á listaxe provisional	5 ao 9 de xullo ás 13:00 horas	Presentación de solicitudes	2 ao 10 de setembro ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	16 de xullo	Listaxe provisional de solicitudes	12 de setembro
1ª adxudicación	16 de xullo	Reclamación á listaxe provisional	12 ao 16 de setembro ás 13:00 horas
Matriculación 1ª adxudicación	16 ao 23 de xullo ás 13:00 horas	Listaxe definitiva de solicitudes	18 de setembro
2ª adxudicación	26 de xullo	2ª adxudicación de grao medio	18 de setembro
Matriculación 2ª adxudicación	Do 27 ao 31 de xullo ás 13:00 horas	Matriculación 2ª adxudicación	18 ao 20 de setembro ás 13:00 horas

\* A 1ª adxudicación extraordinaria realizarase sobre as listaxes de espera do período ordinario.

**Nota:** lémbrese que as solicitudes presentadas no período ordinario terán prioridade sobre as presentadas no período extraordinario.